


	<p>Escribe en radiáns os seguintes ángulos: 45°, 360°, 60°, 300°, 240°</p>
	<p>Escribe en graos os seguintes ángulos_ $\frac{\pi}{2} rad$, $\frac{3\pi}{4} rad$ $\frac{2\pi}{3} rad$</p>
	<p>Realiza na calculadora as seguintes operacións con ángulos 37° 12' 13" + 82° 43' 34" 32° 52' + 43° 3' 6" 7° 19' 40" - 3° 43' 1"</p>
	<p>Utilizando a calculadora indica un ángulo que cumpra: a) cos A=0'9837 b) tan B=-7'345 c) sen A= 1'23</p>
	<p>Calcula todos os lados e ángulos que faltan nos seguintes triángulos rectángulos: a-- hipotenusa=8cm. B=46° b--cateto=5cm B=28° c--cateto=4cm C=76° d--B=30° C=60°</p>
	<p>Determina as razóns trigonométricas dos seguintes ángulos, relacionándoos con algúns ángulos notables (0°, 30°, 45°, 60°, 90°, 180°, 270°, 360°), indicando en que cuadrante se atopan: a) 240° b) 135° c) 315° d) 720° e) 750°</p>
	<p>Calcula as razóns trigonométricas de 23π radiáns</p>
	<p>Sen axuda da calculadora, indica os valores das seguintes razóns trigonométricas: a) sen 150° b)cos(-330) c) tan 315° d) sen 225° e) tan(-315°) f) tan 150° g)sen 300° h) cos 135° i) tan 1305° l) sen (-210°) m) cos 210° n)tan 300°</p>
	<p>Expresa as seguintes razóns trigonométricas en función dun ángulo do 1º cuadrante: INDICA OS PASOS QUE DÁS. Non será válido poñer o resultado directamente sen(-120 °) cos 320 ° sen 2700 ° tan 99 ° cos (-150 °) cos 225°</p>
	<p>Sen usar a calculadora calcula as demais razóns trigonométricas $sen A = \frac{-\sqrt{2}}{2}$ $\pi < A < 3\frac{\pi}{2}$ $cos B = \frac{-\sqrt{3}}{2}$ $\frac{\pi}{2} < B < \pi$ $tan C = -\sqrt{3}$ $3\frac{\pi}{2} < C < 2\pi$</p>

	<p>Calcula o valor dos seguintes ángulos e o resto das razóns trigonométricas, sabendo</p> $\operatorname{sen} A = \frac{-\sqrt{2}}{2} \quad 180^\circ < A < 270^\circ$ $\operatorname{cos} A = \frac{-1}{2} \quad 90^\circ < A < 180^\circ$ $\operatorname{tan} A = 1 \quad 270^\circ < A < 360^\circ$
	<p>Sen axuda da calculadora. Calcula as demais razóns trigonométricas sabendo que:</p> <p>a.- $\operatorname{cos} A = 4/5 \quad 270^\circ < A < 360^\circ$</p> <p>b.- $\operatorname{sen} A = 3/5 \quad 90^\circ < A < 180^\circ$</p> <p>c.- $\operatorname{tan} A = 4 \quad 180^\circ < A < 270^\circ$</p> <p>d.- $\operatorname{sen} A = -1/2 \quad 180^\circ < A < 270^\circ$</p>
	<p>Sabendo que $\operatorname{sen} 10^\circ = 0'17$ calcula as razóns trigonométricas de 1900°</p>
	<p>Expresa as razóns trigonométricas de 70°, 160°, 200° y 340° en función das de 20°.</p>
	<p>Indica la medida de todos los ángulos x tales que se verifique que:</p> $\operatorname{sen} x = -\frac{1}{2}$ $\operatorname{cos} x = \frac{\sqrt{2}}{2}$ $\operatorname{tan} x = \frac{-\sqrt{3}}{3}$
	<p>Calcula tódolos ángulos que verifican</p> <p>a.- $\operatorname{sen} A = -0'55$</p> <p>b.- $\operatorname{tan} A = -66$</p> <p>c.- $\operatorname{cos} A = 0'99$</p> <p>d.- $\operatorname{sen} A = 1'23$</p>
	<p>Calcula as razóns trigonométricas de 23π radiáns</p>
	<p>Se sabemos o seno dun ángulo menor de 360° Podes saber de que ángulo estamos a falar?</p>
	<p>O perímetro dun triángulo equilátero é 18m. Calcular a área</p>
	<p>O aire parte unha árbore e a súa punta apóiase no chan nun punto situado a 20 metros do tronco, formando un ángulo de 30° co plano horizontal. Que sombra estaba dando a árbore antes de partirse se a inclinación dos raios do sol nese momento era de 60°?</p>
	<p>Dende unha roca que se levanta verticalmente 320 metros sobre o nivel da mar, o ángulo de depresión dunha barca é de $\pi/6$ radiáns. Calcular a distancia horizontal que hai dende a rocha ata a barca</p>
	<p>Un túnel de 280'5 metros de lonxitude ten unha inclinación de $\pi/16$ radiáns coa horizontal Cal é a diferenza entre ambos extremos do túnel?</p>
	<p>Un terreo ten forma de triángulo rectángulo, un dos catetos mide 150'8m Se o ángulo oposto ó cateto coñecido é de 55°, calcula a área do terreo</p>
	<p>Un piloto de avión observa que o ángulo de depresión dun posto de observación é de</p>

	<p>$\pi/20$ radiáns. Un minuto máis tarde o ángulo é de $5\pi/8$ radiáns. Se está voando horizontalmente cunha velocidade de 100km/h. Determinar a que altura está voando</p>
	<p>Queremos medir a altura dunha torre. Como non podemos chegar ata ela tomamos dous puntos, separados entre eles 14'99m. Dende un dos puntos vemos a parte superior da torre baixo un ángulo de 45° e dende o outro punto vese baixo un ángulo de 55°</p>
	<p>Certo día de escasa visibilidade un vixía observa a presenza da flota inimiga baixo un ángulo de depresión de 1°. O observador, cuxa atalaia costeira alcanza unha altura de 20 m sobre o nivel do mar, desexa estimar o tempo que tardará en alcanzar a costa. Polo tipo de embarcación que empregan e polas condicións do día suponse que as naves avanzan a 7 Km/h saberías darlle a solución?</p> <p>Baixo que ángulo de depresión se observaría a flota se estivese situada a 13 Km de a costa?</p> <p>A que distancia da costa se atopa a liña do horizonte que observa o noso vixía? (radio da terra 6378km)</p>
	<p>Dous amigos ven un OVNI dende dous puntos situados a 800m.. Un deles o ve baixo un ángulo de 30° e o outro baixo un de 75°. A que altura está o OVNI?</p>
	<p>Se as dúas ramas dun compás forman un ángulo de 60° e cada rama ten unha lonxitude de 12cm.. Achar o diámetro da circunferencia que podemos trazar</p>
	<p>Unha escaleira de bombeiros de 10m. de lonxitude está fixada nun punto dunha rúa. Se a apoiamos nunha das fachadas das casa forma un ángulo de 50° e se apoiamos na fachada do outro lado forma un ángulo de 30°</p> <p>a.-Achar o ancho da rúa</p> <p>b.-A que altura de cada fachada podemos chegar?</p>
	<p>Desde certo punto do solo vemos o punto máis alto dunha torre formando un ángulo de 30° coa horizontal. Se nos acercamos 75 cm cara ao pé da torre, ese ángulo mide 60°. Cal é a altura da torre?</p>
	<p>Dende un punto do solo vemos unha árbore baixo un ángulo de de 42° . Baixo que ángulo o veremos se estamos colocados ó dobre de distancia? E se nos situamos ó triplo?</p>
	<p>Nun determinado momento, unha torre de 36m. de altura proxecta unha sombra de de 22m. Baixo que ángulo inciden os raios do sol sobre o chan? Que lonxitude de sombra proxectará, no mesmo instante, unha árbore de 10m. de altura?</p>
	<p>Calcula a superficie dun cadrado inscrito nunha circunferencia de 1 m. de diámetro. Cal é a superficie do cadrado circunscrito a esa mesma circunferencia? Cal é a superficie do círculo que limita dita circunferencia?</p>

	<p>Os faros dun coche están situados a 67 cm. do chan. Se a inclinación das luces de cruce é de $1^{\circ}12'$ con respecto á horizontal. Que distancia acadan ditas luces?</p>
	<p>Un barco achégase a cabo Ortegal, onde hai uns acantilados de 600 m. de altitude. Desde a proa do barco vese o punto máis alto do acantilado formando un ángulo de 27° con respecto á horizontal. A que distancia se atopa o barco da base do acantilado?</p>
	<p>Para saber o ancho dun río sen mollarnos situámonos nunha beira xusto en fronte dunha árbore situada na outra beira. Desprazámonos 20 m. pola beira e desde a nosa nova posición medimos o ángulo que forma o noso lado coa árbore, que resulta ser de 65°. Saberías achar o ancho deste río?</p>
	<p>Unha escaleira está formada por dous brazos iguais de 3 m. Cando se abre totalmente, a distancia dun pé o outro é de 80 cm. Pídese:</p> <p>a) A que distancia do chan está a cúspide da escaleira?</p> <p>b) Que ángulo forman os dous brazos?</p>
	<p>Acha a lonxitude da diagonal dun cubo que mide 2 m. de lado. Que ángulo forma coa base?</p>
	<p>Cal é a pendente dunha costa abaixo que descende 10 m. cada 25 m. percorridos? Exprésalo resultado en porcentaxes e mediante o ángulo.</p>
	<p>Calcula os ángulos dun rombo que ten diagonais de 14 cm. e 8 cm.</p>
	<p>Calcula o ángulo de tiro</p> 
	<p>Verdadeiro ou falso? (Xustificando a resposta e non uses a calculadora)</p> <p>a) Os dous ángulos agudos dun triángulo rectángulo teñen intercambiado o seno e o coseno.</p> <p>b) O ángulo de 67° e o de 113° teñen o mesmo coseno.</p> <p>c) O ángulo de 40° e o de 220° teñen a mesma tanxente.</p> <p>d) Na primeira volta (entre 0° e 360°) so hai dous ángulos co seno igual ó coseno.</p> <p>e) Os ángulos de máis de 45° teñen todos a tanxente maior que 1.</p> <p>f) A tanxente de 270° é 0.</p> <p>g) O valor do coseno é un número sempre entre 0 e 1.</p>